



### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS

##### *Anuncio*

**Resolución do 24 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Neda, emprazado nos concellos de Abadín e da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/124-EOL).**

En cumprimento do disposto no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, faise público o Acordo do Consello da Xunta, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Neda, emprazado nos concellos de Abadín e da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/124-EOL).

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

##### **ANEXO**

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de setembro de 2018, polo que se declara a utilidade pública, en concreto, así como a prevalencia sobre diversos aproveitamentos forestais da modificación do parque eólico Neda, emprazado nos concellos de Abadín e da Pastoriza (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, SL (LU-11/124-EOL).**

Examinado o expediente iniciado por solicitude de NORVENTO, SL en relación coa declaración de utilidade pública, en concreto, da modificación do parque eólico Neda, constan os seguintes

##### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.** Mediante Resolución do 20 de decembro de 2010 pola que se aproba a relación de anteproxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da *Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia* (DOG nº 248, do 28 de decembro), admitiuse a trámite o parque eólico Neda (en adiante o *parque eólico*) cunha potencia de 33 MW e promovido por Norvento, SL (en adiante o *promotor*).

**Segundo.** O 30.12.2010, o promotor solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración, en concreto, de utilidade pública para o parque eólico. Posteriormente, o 27.06.2011, o promotor solicitou a aprobación do proxecto sectorial do parque eólico.

**Terceiro.** O 20.03.2013 a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria (en adiante a xefatura territorial) informou que a área definida pola poligonal do parque eólico presenta superposición coa solicitude do permiso de investigación *Santa Fe nº 5891*. Mediante oficio da mesma data, a xefatura territorial deulle trámite de audiencia ao solicitante do mencionado permiso de investigación, sen que se tivese recibido resposta.

**Cuarto.** O 07.05.2014 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental relativa ao parque eólico, que se fixo pública por Resolución do 7 de xullo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (DOG nº 81 do 28.04.2016).

**Quinto.** O 15.06.2015, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu, en relación co proxecto sectorial do parque eólico, o informe previsto na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

**Sexto.** O 11.05.2016, a Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, emitiu o informe previsto no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

**Sétimo.** O 02.06.2016 a xefatura territorial informou que o permiso de investigación *Santa Fe nº 5891* continuaba no mesmo trámite de “solicitado”, non tendo sufrido ningunha variación desde o informe emitido o 20.03.2013.

**Oitavo.** O 02.06.2016 o Consello da Xunta acordou autorizar as instalacións, aprobar o proxecto de execución e declarar a utilidade pública, en concreto, do parque eólico. O dito Acordo fíxose público por Resolución do 10 de xuño de 2016 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas (DOG nº 76 do 19.04.2018).

**Noveno.** O 24.11.2017, de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Lei 5/2017, do 19 de outubro, o promotor solicitou a tramitación do expediente de acordo co procedemento establecido pola dita lei.

**Décimo.** O 19.12.2017 o promotor presentou unha modificación do proxecto do parque eólico, solicitando o seu recoñecemento como non substancial.

**Décimo primeiro.** O 21.12.2017, o Consello da Xunta declarou de interese especial o parque eólico referido, o que ten como efectos a tramitación de forma prioritaria e con carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento.

**Décimo segundo.** O 17.04.2018 o promotor solicitou a modificación da utilidade pública do parque eólico, de acordo coas modificacións recollidas no antecedente de feito décimo, achegando a correspondente relación de bens e dereitos afectados.

**Décimo terceiro.** Mediante escritos do 14.05.2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas, notificou ás persoas interesadas as modificacións introducidas na relación de bens e dereitos afectados. En relación con estas notificacións, presentáronse as seguintes alegacións: Ilda Portela González, en representación da comunidade de Abadeledo, o 29.05.2018; Ana Grandío Pardo, o 05.06.2018; María del Carmen Río Rivas, o 15.06.2018.

Para aqueles casos nos que non foi posible efectuar a notificación, o 24.07.2018 publicouse un anuncio no Taboleiro Edictal Único do Boletín Oficial do Estado co fin de realizar a notificación por comparecencia. Transcorrido o prazo establecido no dito anuncio non compareceu ningún interesado.

**Décimo cuarto.** Mediante oficios do 09.05.2018, e de acordo co disposto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas efectuou o trámite de audiencia á Comunidade de Montes Veciñais de Abadeledo, ao Concello da Pastoriza e ao Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Medio Rural.

**Décimo quinto.** O 29.05.2018 Ilda Portela González, en representación da comunidade de Abadeledo, presentou unha alegación na que comunica que existe un erro na identificación da persoa que ostenta a presidencia da dita comunidade, achegando documentación acreditativa dos datos correctos.

**Décimo sexto.** O 01.06.2018 a xefatura territorial informou que a modificación solicitada para o parque eólico non afecta a máis dereitos mineiros que os reflectidos nos informes emitidos o 20.03.2013 e o 02.06.2016.

**Décimo sétimo.** O 28.06.2018 o promotor achegou a documentación acreditativa do acceso e punto de conexión á rede de transporte ou distribución para a potencia adicional derivada da modificación do parque eólico, de acordo co establecido no artigo 38.3.a) da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

**Décimo oitavo.** Por Resolución do 4 de xullo de 2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas recoñeceu como non substancial a modificación do parque eólico.

**Décimo noveno.** O 30.07.2018 a Dirección Xeral de Ordenación Forestal emitiu o informe previsto no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, manifestando que non existe obxección á declaración de prevalencia da utilidade pública do parque eólico sobre o interese xeral dos montes veciñais en man común afectados.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.** O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no artigo 45.6 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

**Segundo.** No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na *Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica*, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*, e demais normas vixentes de aplicación.

**Terceiro.** Tal e como se recolle no antecedente de feito décimo sexto, o 01.06.2018, o Servizo de Enerxía e Minas de Lugo informou que as modificacións solicitadas non afectan a máis dereitos mineiros que os reflectidos nos

informes emitidos o 20.03.2013 e o 02.06.2016. Nestes informes, recollíase que a área definida pola poligonal do parque eólico presenta superposición coa solicitude do permiso de investigación *Santa Fe nº 5891*.

Enténdese que o permiso de investigación solicitado non se trata dun dereito consolidado polo que non procede efectuar o trámite de compatibilidade establecido no artigo 45 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

**Cuarto.** No que respecta ás alegacións ás que fai referencia o antecedente de feito décimo terceiro, a continuación resúmese o seu contido:

1. Na alegación da comunidade de Abedeledo, comunicase un erro na identificación da persoa que ostenta a súa presidencia e achéganse os datos correctos.
2. Maniféstanse erros na titularidade e no tipo de cultivo nunha das parcelas afectadas.
3. Alégase que o incremento nas afeccións supón maiores prexuízos para os propietarios, os cales non se van a ver compensados con ningunha indemnización que podan obter.
4. Maniféstase que a limitación nos aproveitamentos forestais das parcelas supón a perda de rendibilidade da superficie afectada.

En vista do contido das alegacións indicadas e das respostas efectuadas polo promotor cómpre manifestar o seguinte:

1. No que respecta ás alegacións relacionadas coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, así como coa magnitude das afeccións, cómpre indicar que se tomou razón destas manifestacións e dos documentos presentados polas persoas interesadas. Non obstante, corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles. No caso de que non se chegase a un acordo entre o promotor eólico e os afectados durante o procedemento expropiador, fixaranse as compensacións correspondentes de acordo coa lexislación aplicable.

De acordo con todo o que antecede o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

**Primeiro.** Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións da modificación do parque eólico Neda, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro).

**Segundo.** Declarar a prevalencia da utilidade pública do parque eólico Neda sobre o interese xeral dos aproveitamentos forestais afectados, en conformidade co informe da Dirección Xeral de Ordenación Forestal do 30.07.2018, ao que fai referencia o artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co establecido no artigo 148 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

R. 2834

### *Anuncio*

**Resolución do 26 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da ampliación da capacidade de almacenamento da planta satélite de almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) para subministración a Sarria (Lugo), promovida pola empresa Nedgia Galicia, S.A. (expediente IN627A 2018/57-0).**

Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e no artigo 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese a información pública o seguinte proxecto de autorización administrativa:

**PETICIONARIO:** Nedgia Galicia, S.A., con CIF nº A15383284 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707, Santiago de Compostela (A Coruña).

**OBXECTO DA PETICIÓN:** O obxecto da petición é a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da ampliación da capacidade de almacenamento da planta satélite de almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) para subministración a Sarria (Lugo).

**DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS:**

A planta satélite de GNL está localizada na parcela con referencia catastral 27057A021010260000JL, polígono 21, parcela 1026. Trátase dunha superficie de 16.166 m cualificada como solo rústico de uso agrario situada ao norte do núcleo urbano.

Proxéctase a ampliación da capacidade da planta satélite de GNL desde os 80 m<sup>3</sup> actuais hasta os 140 m<sup>3</sup> mediante as seguintes actuacións:

- Instalación dun depósito de almacenamento e regasificación de GNL de 60 m<sup>3</sup> de capacidade.
- O módulo de regasificación existente modifícase mediante a instalación de dous novos regasificadores que proporcionarán gas natural para alimentar a rede de distribución nas seguintes condicións:
  - Presión normal de servizo de almacenaxe de GNL: Entre 2 e 9 bar.
  - Presión de subministración de gas natural: 3,5 bar.
  - Temperatura de subministración de gas natural: 0 – 20 °C.
- Conexión dos novos elementos á instalación existente

**CONCELLO:** As solicitudes afectan ao termo municipal de Sarria, na provincia de Lugo.

**ORZAMENTO:** Sesenta e oito mil douscentos cincuenta e sete euros con noventa e un céntimos (68.257,91 €).

O que se fai público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións, no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, podendo examinar o correspondente proxecto na Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Edificio Administrativo San Caetano, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, así como na Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Ronda da Muralla, 70, 27071, Lugo.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.- O director xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces.

R. 2866

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**  
**SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**  
*Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO**

**INTRODUCCIÓN**

A Deputación de Lugo lanza o Programa Tecendo Emprego co fin de seguir con iniciativas encaradas a frear o desemprego da provincia incidindo nos colectivos con maior dificultade de inserción.

A economía estivo secuestrada nos últimos 150 anos por dúas posicións atrapadas e complementarias da xestión económica e a organización administrativa, o Sector Público e o Sector Privado. Estas dúas apostas xeraron teorías económicas e políticas dispares, así como acesos debates en relación á forma óptima, xusta e eficiente de organización que debe adoptar unha sociedade.

Pero nas últimas dúas décadas houbo unha lenta revolución doutro tipo de organizacións, entidades que sen ser públicas e sen perseguir o beneficio que caracteriza ao libre mercado están a conformar o que se denomina o Terceiro Sector, e importante destacar que esta carga de traballo e asumida por entidades que non teñen apenas financiación, que non dispoñen dunha estrutura estable e contan cunha deficiencia de persoal cada vez máis acuciante, xa que nos últimos anos as demandadas de persoas con especiais dificultades foron crescendo, non en vano hai medio millón de persoas que se atopan en risco de exclusión social, e a metade viven en municipios de 5.000 a 20.000 habitantes.

Aínda que non existe unha definición exacta deste concepto, xa que está en plena ebulición, pódese dar a seguinte aproximación ao mesmo:

O Terceiro Sector é aquel sector da economía composto fundamentalmente por *Entidades Sen Animo de Lucro*, esta é unha organización que non redistribúe os seus beneficios aos seus propietarios e accionistas, senón que os reinveste na entidade para seguir cumprindo cos seus obxectivos fundacionais.

A vista que o desemprego é un importante factor de vulnerabilidade das persoas, xa que, un período continuado nesta situación pode dar lugar non só á exclusión do mercado laboral, senón que tamén pode supoñer un elevado risco de exclusión social das persoas pertencentes aos colectivos máis desfavorecidos.

Na actualidade resulta esencial esta liña de subvención como fórmula de reforzo o traballo destas entidades promotoras de melloras os grandes colectivos con especiais dificultades de acceso o mercado de traballo, así coma, a converxencia coas asociacións profesionais representativas do sector empresarial e comercial, e por este motivo que a Deputación de Lugo como corporación local representativa da provincia pon en marcha esta iniciativa co fin de apostar por novas accións e políticas activas de emprego para lograr unha maior empregabilidade das persoas en situación de desemprego.

### **Artigo 1. Obxecto e finalidade**

Esta orde ten por obxecto establecer a convocatoria para o período 2018-2020 dunha liña de subvencións destinada as entidades do terceiro sector, principalmente de iniciativa social, para realizar un ou varios proxectos que sirvan de estímulo para a plena integración socio laboral do maior número de persoas, especialmente aquelas que posúan maiores dificultades.

A finalidade destas axudas é a de contribuír a mellora da empregabilidade mediante dúas fórmulas:

- a) Por unha banda financiando custos directos de seguridade social e salario de persoas desempregadas durante un período de 12 meses.
- b) Por outra banda coa contratación destes axentes promoverase principalmente o desenvolvemento de accións que melloren as posibilidades de inserción laboral, a través da posta en marcha de programas de formación básica e instrumental, para mellorar a autoestima ou reforzar as habilidades sociais, en xeral, actuacións que axuden a eliminar ou diminuír as dificultades dos colectivos integrados en cada unha delas, para a súa incorporación o mercado laboral.

### **Artigo 2. Entidades beneficiarias**

1. Poderán ser destinatarias das subvencións as asociacións, fundacións, federacións e confederacións, sen ánimo de lucro, cuxa actividade principal sexa o desenvolvemento de actividades de intervención social e que inclúa a promoción ou realización de accións que melloren as condicións dos colectivos con maiores dificultades.

Quedan excluídas as entidades cuxa actividade principal sexa de carácter lúdico, cultural ou de lecer .

2. Poderán, así mesmo, ser destinatarias as entidades referidas no punto anterior, que participen conxuntamente dentro do seu ámbito como agrupación de entidades, nos termos previstos polo artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas rexeranse polo acordo de agrupación que as regule, para o caso que necesiten o mesmo perfil a dedicación parcial, que en todo caso deberá incluír os seguintes aspectos:

- a) Compromisos de execución asumidos por cada membro, que terá igualmente a consideración de persoa beneficiaria, así como o importe de subvención que se aplicará por cada un deles. (Incluírá cadro de desagregación).
- b) Compromiso dos membros de formalizar os contratos laborais ata asegurar unha xornada completa o traballador/a subvencionado, tendo en conta a porcentaxe da asignación económica de cada unha delas na resolución da axuda.
- c) Acordo de representación da agrupación e elección do seu representante ante a Deputación de Lugo.
- d) Acordos de confidencialidade.
- e) Xestión da agrupación, federación ou confederación e distribución de responsabilidades ante posibles dificultades.

As entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas e requisitos esixidos nesta orde e na normativa xeral de subvencións e, de xeito particular, nos seguintes requisitos:

- a) Estar inscritas nun rexistro obrigatorio dependendo do sector o que pertenza.
- b) Carecer de ánimo de lucro.
- c) Ter o seu domicilio social ou delegación na provincia de Lugo.
- d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A xustificación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante a subscripción da declaración responsable da persoa representante da entidade ou da agrupación, incluída no Anexo V.
- e) Cumprir cos requisitos e condicións establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións, dende a data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e deberá manterse durante todo o período de execución dos proxectos subvencionados.

f) A agrupación, federación ou confederación non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto no artigo 35 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

### Artigo 3. Financiamento e compatibilidade das axudas

As subvencións as que se refiren as seguintes bases, convócanse en réxime de concorrència competitiva ata esgotar o crédito dispoñible, tendo en conta a seguintes liñas.

- Liña Nove, dirixida a mozos recen titulados/as dentro do ámbito da universidade ou da formación profesional, para adquisición de habilidades e capacidades laborais, así como promover o seu desenvolvemento persoal e social dentro da súa área de formación, e así acadar a experiencia profesional que tanto free a integración no ámbito laboral, e de forma transversal promover unha conciencia de corresponsabilidade social, sen experiencia e ata 35 anos .
- Liña Senior, dirixida a parados, de 30 a 50 anos.
- Liña Veterano, dirixida a parados , dentro da súa última fase activa (maiores de 50 anos) a piques de pechar a súa etapa profesional.

O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48900 e 2410.22602 dos orzamentos do ano 2018 e 2020, por importe de 1.720.000,00 euros, coa seguinte distribución:

| PARTIDA    | TIPOLOXIA DE GASTO                    | TOTAL             | 2018             | 2020            |
|------------|---------------------------------------|-------------------|------------------|-----------------|
| 2410.48900 | Plan de fomento do emprego            | 1.700.000 €       | 850.000 €        | 850.000 €       |
| 2410.22602 | Plan de sensibilización e divulgación | 20.000 €          | 20.000€          |                 |
|            | <b>TOTAL</b>                          | <b>1.720.000€</b> | <b>870.000 €</b> | <b>850.000€</b> |

As axudas establecidas nesta orde quedan sometidas ao réxime de mínimos nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Por tanto, a axuda total de mínimos concedida a unha entidade non será superior a 200.000 euros durante o período dos dous exercicios fiscais anteriores e o exercicio fiscal actual da empresa solicitante, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha única empresa que opere no sector do transporte de mercancías por estrada.

Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra axuda concedida pola Deputación Provincial de Lugo para o mesmo fin.

### Artigo 4. Actuacións subvencionables

Serán subvencionables os proxectos que inclúan actividades realizadas por traballadores, que non se inclúan no cadro de persoal das entidades beneficiarias, para o desenvolvemento de accións que favorezan os colectivos aos que representan co fin de mellorar a inclusión laboral e a calidade do emprego.

Cada proxecto disporá dos mecanismos precisos para individualizar as actuacións do traballador subvencionado, en relación co total de usuarios participantes.

Os proxectos para os cales se solicite a subvención deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Describirán a metodoloxía empregada para o deseño do programa proposto.
- b) Resultar adecuados para os obxectivos e finalidades contidos nesta orde, así como para os principios xerais da mellora na calidade do emprego.
- c) Desenvolver o proxecto entre a aprobación do programa e ata o 31 de agosto de 2020.
- d) Dentro da mesma solicitude poderase solicitar axuda para a posta en marcha dun ou varios proxectos.
- e) A limitación será de ata 2 traballadores.

Para a valoración na calidade da contratación só se valorará un perfil dos 2 solicitados. ( valorarase aquel con situación de maior puntuación da acordo o artigo 7.4, xerando a obriga de que o segundo perfil, o non valorado, teña asignada unha xornada continua)

### Artigo 5. Custos subvencionables.

A contía máxima concedida por entidade será o 90% dos custes salariais (custos directos de seguridade social e salario ) de 2 traballadores, durante un período máximo de 12 meses e cunha duración da xornada laboral de a lo menos o 50%. Para todos os efectos este contrato rexerá polo lexislación laboral vixente. Poderase solicitar un anticipo de ata o 50%.

Non terán a consideración de conceptos subvencionables:

- As horas extraordinarias, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias, parte proporcional de vacacións pagadas e non desfrutadas ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- A indemnización prevista no artigo 49.1º c) do Estatuto dos Traballadores.
- A roupa de traballo.

Corresponderase co gasto de cada grupo profesional , atendendo o seguinte cadro:

| TITULACIÓN                                                         | GRUPO PROFESIONAL | CONTÍA MÁXIMA ANUAL |
|--------------------------------------------------------------------|-------------------|---------------------|
| GRAO<br>LICENCIATURA<br>DIPLOMATURA                                | 1                 | 27.000€             |
| F.P. SUPERIOR                                                      | 2-3               | 24.000€             |
| F.P. MEDIA                                                         | 3                 | 21.000€             |
| ESO - GRADUADO ESCOLAR - CERTIFICADO DE ESCOLARIDAD<br>SEN ESTUDOS | 4                 | 18.000€             |

Serán subvencionables unicamente os gastos directos de persoal derivados do desenvolvemento do programa, baseado na clasificación profesional do convenio colectivo estatal de acción e intervención social (BOP de 3 de xullo de 2015), importes que serán máximos por entidade, respectando, en todo caso, a contía das solicitudes baseadas no cálculo dentro dos convenios que se apliquen nese momento o resto de cadro de persoal da entidade beneficiaria.

Non se inclúen como custes subvencionables as retribucións totais correspondentes ao persoal propio da entidade beneficiaria que participe no desenvolvemento do proxecto/os obxecto desta subvención.

A identificación das funcións do traballador/a que se subvenciona deberá constar no contrato de traballo ou no documento de asignación de funcións directas, tanto no caso de que a xornada de traballo este integramente destinada á execución dunha acción dentro dun proxecto ou de varios dentro da mesma entidade, como no caso de dedicación parcial a varios proxectos das entidades na modalidade de agrupación; para garantir que as funcións sexan acordes coas titulacións recollidas no cadro anterior.

O período de duración dos contratos subvencionados non poderá exceder do 31 agosto de 2020.

Calquera gasto que exceda da contía da subvención concedida será asumido pola entidade beneficiaria.

#### **Artigo 6. Documentación, forma e prazos da solicitude de adhesión.**

##### **6.1. Documentación a achegar.**

As entidades interesadas en participar no Programa Tecendo Emprego da Deputación de Lugo, deberán comunicar a súa vontade de adhesión (ANEXO I) o mesmo, segundo os modelos aprobados pola Deputación, que se atopan no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, manifestando expresamente que asume os deberes e compromisos previstos no programa mediante a sinatura do seu representante legal na solicitude xunto coa seguinte documentación:

##### **6.2. Documentación específica da solicitude:**

- Solicitude de adhesión ao Programa Tecendo Emprego (ANEXO I)
- Memoria Técnica (Achegarase como documento adxunto de forma obrigatoria).
  - Denominarase Anexo II
  - Extensión máxima de 5 follas.
  - Deberá conter os seguintes apartados:
    - DEFINICIÓN DO PROXECTO/ADECUACIÓN OS OBXECTIVOS
    - VIABILIDADE E TRAXECTORIA

Natureza e capacidade, Proxectos representativos, medios materias e humanos, importancia dos intereses económicos e sociais que defende... (Terase en conta o establecido no punto 7 das Bases)

- DESCRICIÓN CADRO DE PERSOAL.

(Nº de traballadores, estrutura organizativa, contratos fixos, temporais...)

- CALIDADE DA CONTRATACIÓN:

#### **PERFIL DO TRABALLADOR**

|                                                           |
|-----------------------------------------------------------|
| <b>PERFIL 1:</b>                                          |
| DENOMINACIÓN DO POSTO:                                    |
| TITULACIÓN REQUIRIDA:                                     |
| GRUPO DE COTIZACIÓN:                                      |
| CONVENIO DE APLICACIÓN AO TRABALLADOR NO CASO DE EXISTIR: |

|                                                                                                                       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| MODALIDADE DE CONTRATO:                                                                                               |
| XORNADA: <input type="checkbox"/> COMPLETA <input type="checkbox"/> PARCIAL ( ____ %)                                 |
| TIPO DE XORNADA: <input type="checkbox"/> CONTINUA <input type="checkbox"/> PARTIDA <input type="checkbox"/> FLEXIBLE |
| DETALLE DE FUNCIONS:                                                                                                  |

|                                                                                                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>PERFIL 2: (só no caso de solicitar 2 perfís)</b>                                                            |
| DENOMINACION DO POSTO:                                                                                         |
| TITULACIÓN REQUIRIDA:                                                                                          |
| GRUPO DE COTIZACIÓN:                                                                                           |
| CONVENIO DE APLICACIÓN AO TRABALLADOR NO CASO DE EXISTIR:                                                      |
| MODALIDADE DE CONTRATO:                                                                                        |
| XORNADA: <input type="checkbox"/> COMPLETA <input type="checkbox"/> PARCIAL ( ____ %)                          |
| TIPO DE XORNADA : <input type="checkbox"/> CONTINUA (Obrigatorio segundo o establecido no artigo 10 das Bases) |
| DETALLE DE FUNCIÓNS:                                                                                           |

○ **OUTROS DATOS DE INTERESE;(Medidas en materia de conciliación e perspectivas de continuidade...)**

- Declaración responsable sobre o persoal a contratar (ANEXO III)

6.3. Documentación específica da entidade.

- Declaración responsable de dispoñer da seguinte documentación (ANEXO IV); **só no caso de resultar beneficiaria deberán aportar copia de:**

- Cartón de identificación fiscal (persoa xurídica) ou NIF (persoa física).
- Alta no imposto de actividades económicas, ou si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036) ou declaración responsable de non estar obrigada.
- Representación da entidade solicitante. Poderá xustificarse co certificado do secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, en vigor, en que se faga constar a data de nomeamento do representante da entidade, nome, apelidos e o número de documento de identidade.
- Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

- Declaración Responsable xeral (ANEXO V).

- Declaración Responsable en caso de elixir a formula de agrupación, incluíndo os requisitos contidos no artigo 2.2

6.4. Forma e prazos de presentación da solicitude.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimiento Administrativo Común das Administracións Públicas, as solicitudes de adhesión presentaranse de maneira telemática, na sede electrónica: <http://sede.deputacionlugo.org>. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude por medios electrónicos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo (<http://sede.deputacionlugo.org>) o solicitante deberá identificarse a través dun certificado dixital dos recoñecidos na Lei 59/2003 de sinatura dixital, no caso de utilizar un certificado persoal deberá achegar un documento no que se acredite que é o representante legal da asociación/entidade. O mesmo certificado utilizado para a identificación utilizarase para o proceso de presentación e sinatura dixital da solicitude, para iso será preciso ter instalada a aplicación Autofirma da Administración Xeral do Estado e que se pode descargar na seguinte ligazón: <http://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html>

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Podendo optar ata dous traballadores.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles dende a publicación da convocatoria do presente programa no BOP, previa publicación no Base de Datos Nacional de Subvencións.



A Deputación Provincial concederá un prazo de 10 días hábiles, dende a publicación das listaxes de requirimento, no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> para a corrección das deficiencias detectadas nas solicitudes da subvención. Mediante acordo da Xunta de Goberno declararase o desestímulo daquelas solicitudes que non se axusten ao establecido nas bases ou que non emendaran as deficiencias no devandito prazo. Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

#### 6.5. Comunicacóns

As comunicacións aos interesados realizaranse de conformidade co establecido no artigo 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa do Tecendo Emprego que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no Taboleiro de Anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>, xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación.

Toda comunicación, consulta, achega de documentación ... dos interesados coa Deputación, farase a través da CARPETA CIADADA na sede electrónica <http://sede.deputacionlugo.org> (dende o seu expediente)

#### Artigo 7. Selección de Entidades Beneficiarias.

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, de acordo co previsto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia “A efectos desta lei, terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adxudicar co límite fixado na convocatoria, dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios”.

O órgano instrutor dos expedientes será a Área de Promoción Económica e Social.

Para a selección das entidades beneficiarias, nomearase por resolución da presidencia unha Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, actuando como secretaria a Xefa de Sección da Unidade de Emprego da Área de Promoción Económica e Social. A comisión poderá estar asistida por persoal experto na materia.

A Comisión valorará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial, tendo en conta os seguintes criterios de valoración específicos:

#### 1. Calidade da Memoria Técnica, explicando o proxecto e a adecuación aos obxectivos do programa. (Máximo 15 puntos\*).

- Detalle do programa, accións, alcance dos usuarios... (10 puntos)
- Carácter innovador. (5 puntos)

#### 2. Viabilidade / Traxectoria da entidade dende a súa constitución. (Máximo 30 puntos).

- Natureza e capacidade. ( 8 puntos\*)
- Proxectos representativos. ( 5 puntos\*)

#### \* *Valóranse en termos comparativos no proceso de concorrència*

- Importancia dos intereses económicos e sociais que defende.(4 puntos)
- Ámbito de actuación inclúe a varos colectivos (2 puntos)
- Mellora o desenvolvemento local (1 punto)
- Mellora o desenvolvemento persoal (1 punto)
- Importancia das actividades promovidas (4 puntos).
- Traballa con colectivos con elevado taxa de desemprego (1 punto)
- Promove a autonomía do colectivo (1 punto)
- Promove a formación profesional (1 punto)
- Mellora as condicións do ámbito familiar (1 punto)
- Grao de implantación : Nº de asociados ou usuarios atendidos.(Máximo 3 puntos)
- 0 -25 usuarios 1 punto
- 26 -100 usuarios 2 puntos
- mais de 100 usuarios atendidos 3 puntos
- % de mulleres nos postos mais representativos (composición da entidade, de dirección de proxectos ...) ( Máximo 2 puntos)
- 1 punto se supoñen a metade dos postos.
- 2 puntos se supoñen máis da metade.
- Aplicación de medidas de responsabilidade social. (2 puntos)
- Ámbito de actuación opera en mais dun concello (1 punto)

- Grao de colaboración e implicación das iniciativas promovidas pola Deputación de Lugo. ( 1 puntos)
- 3. Cadro de persoal da entidade (**Máximo 6 puntos**)
  - 3 persoas traballadoras ( 2 puntos).
  - 4- 6 persoas traballadoras (4 puntos).
  - + 6 persoas traballadoras (6 puntos).
- 4. Calidade da contratación, modalidade de contratación horario proposto, medidas de aplicación en materia de conciliación e perspectivas de continuidade (A puntuacións de esta epígrafe serán acumulables podendo alcanzar un **máximo 30 puntos**, tendo en conta que ditas características deberán cumprirse durante de execución do proxecto ).
  - Si a contratación inclúe un mozo/a recen titulado universitario ou de formación profesional de grado medio ou superior. (6 puntos )
  - Si a contratación inclúe un maior de 50 anos . (6 puntos)
  - Persoas en situación de vulnerabilidade (4 puntos)
  - Contratación indefinida (7 puntos)
  - Xornada continuada (4 puntos)
  - Medidas de mellora concreta (3 puntos)
- 5. Agrupación de entidades para maximizar recursos (**Máximo 4 puntos**).

O total máximo de puntuación obtida na suma de todos os ítems será de 85 puntos. No caso de empate o criterio será aquelas que obteñan mais puntos no apartado de calidade da contratación, se persiste o empate atenderase o carácter innovador do proxecto.

Realizada a avaliación, publicares unha listaxe provisional no taboleiro electrónico das entidades beneficiarias, reservas e excluídas. As entidades que resulten seleccionadas, deberán presenten nun prazo de 5 días hábiles a documentación que se inclúe na declaración responsable do Anexo IV. A non presentación de devanditos documentos en prazo determinará a desestimación da solicitude.

Revisados os expedientes a Comisión de valoración propoñerá o resultado da avaliación efectuada da totalidade dos expedientes.

#### Artigo 8. Resolución

A aprobación do Programa, coa concesión das axudas as entidades seleccionadas, efectuarase pola Xunta de Goberno, de acordo co artigo 23 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40, 42 e 43 da Lei 39/2015 e publicarase no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org> e no BOP de Lugo.

Unha vez publicada a resolución definitiva, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días hábiles para aceptar a subvención concedida, axustándose o modelo normalizado (Anexo VI) transcorrido dito prazo sen que se producira a manifestación expresa da aceptación entenderase tacitamente aceptada.

A resolución de concesión ademais de conter as entidades solicitantes as que se lles concede a subvención, e a desestimación expresa das restantes solicitudes, incluírá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiaria, non foran beneficiarias por pasar a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma, dando lugar a condición de entidades de reserva.

Neste suposto, si se renunciase a subvención por parte dalgunha das entidades beneficiarias, o órgano outorgante acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención a entidade solicitante seguinte a aquela, por orde de puntuación, sempre que o tramite da entrega da documentación contida no Anexo IV, sexa entregado por parte da entidade, para formalizar o expediente con data límite a celebración da última sesión de Xunta de Goberno do ano 2018, por ser este o órgano outorgante da subvención, a condición de que coa renuncia por parte dalgunha das entidades beneficiarias se libere crédito suficiente para atender as solicitudes denegadas. O órgano outorgante da subvención comunicará esta opción as interesadas, a fin de que accedan a proposta de subvención e entreguen a documentación pertinente no prazo improrrogable de cinco días. Unha vez aceptada a proposta por parte da entidade, o órgano administrativo ditará o acto de concesión antes do 31 de decembro do 2018 e procederá a súa notificación .

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Servizo de Promoción Económica e Emprego responsable da iniciativa publicará no BOP e na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

#### Artigo 9. Adxudicación do Traballador

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias e á vista dos perfís propostos a Deputación de Lugo realizará unha convocatoria pública aprobada pola Xunta de Goberno, que rexerá as condicións para a selección dos traballadores desempregados inscritos na provincia de Lugo.

Deste segundo procedemento obterase unha listaxe de traballadores por perfil, por orde decrecente de puntuación obtida no proceso de selección.

Rematado este proceso a Deputación de Lugo realizará a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude de axuda, nos cinco días hábiles seguintes á publicación no taboleiro de anuncios electrónico <http://tablonanuncios.deputacionlugo.org>.

Para o caso de aqueles postos de traballo que queden desertos en canto a candidatos por falta de perfil axeitado e/ou por falta de solicitudes, a Deputación de Lugo reservase o dereito para elixir outro mecanismo para localización do mesmo.

A concesión e gozo destas axudas non suporá, en ningún caso, relación contractual ou laboral coa Deputación de Lugo.

#### **Artigo 10. Compromisos e deberes**

As entidades beneficiarias deberán cumprir, principalmente os seguintes deberes:

- Manter aos traballadores/as contratados durante 12 meses.
- No caso de optar a 2 perfís xera a obriga de que o segundo perfil, o non valorado, teña asignada unha xornada continua.
- Facilitarlle á persoa contratada, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación do Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
- Non ter despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Cumprir coa obriga dos deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo, independentemente do momento do pago da subvención.
- Realizar a contratación do persoal dentro do prazo de 5 hábiles dende a adxudicación do traballador.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- Publicitar cun cartel identificativo, que a entidade ten persoal subvencionado polo programa
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou persoais, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con o previsto no Regulamento Europeo de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016. (ver artigo 19 das bases do programa).
- Dar o seu consentimento a Deputación de Lugo a comprobación, en calquera fase do programa, que a entidade se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias(Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial.
- As entidades beneficiarias quedan suxeitas ao réxime de deberes e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

As entidades beneficiarias deben utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros (traballadores/as contratados) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pago (transferencias bancarias) que deberán achegar, xunto coa nómina, dentro dos dez primeiros días de cada mes a través do enderezo electrónico [area.emplo@deputacionlugo.org](mailto:area.emplo@deputacionlugo.org)

Para o caso das entidades que concorran na modalidade de agrupación deberán achegar documento de compromiso firmado por cada un dos representantes de cada entidade onde se comprometan a asegurar a xornada do traballador a tempo completo, de modo que a suma de contratos e xornada se correspondan cunha xornada completa, aínda que cada entidade deberá formalizar o seu contrato e responsabilizarse de cada unha das obrigas detalladas no programa.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

#### **Artigo 11. Tramitación das achegas, pago e xustificación**

O pago da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedido, podendo solicitar ata un (50%) de anticipo no momento da solicitude. O importe a xustificar polas entidades beneficiarias será o importe do custe do traballador. No caso de que xustifiquen un importe inferior, debido a bonificacións, reducións... o importe a aboar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

Polo tanto nos casos de renuncia non se procedera a pago dos custes durante a alta do traballador, salvo causa xustificado por non entender cumprido o obxecto do programa.

No momento no que se formalice a contratación deberán achegar a seguinte documentación, para o cobro do anticipo de ata o 50% da axuda concedida, sempre que así o solicitasen no modelo de adhesión (Anexo I)

1. Contrato de traballo asinado e de conformidade coa modalidade establecida na solicitude, debidamente comunicado a Oficina de Emprego correspondente.
2. Resolución de alta na seguridade social xunto co informe de datos de cotización (IDC).
3. Declaración responsable da xustificación (ANEXO V)
4. Certificado de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención.

A Deputación de Lugo realizará un control, durante o período de vixencia da subvención, a entidade beneficiaria para a verificación do cumprimento das esixencias declaradas e, de non existir razóns en contra, procederá ao pago unha vez finalizado o período subvencionado.

Transcorridos os 12 meses da contratación, a entidade beneficiaria disporá dous meses para xustificar os gastos realizados durante o período subvencionable, debendo achegar a seguinte documentación:

1. Relación clasificada dos gastos realizados durante o período xustificado (ANEXO VII).
2. Nóminas mensuais da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado.
3. Recibos de liquidación de cotizacións e relación nominais de traballadores correspondentes ao período xustificado.
4. Impreso da liquidación nominal do Modelo 111 do IRPF de pagos correspondentes ao período xustificado.
5. Memoria final de actuación, resumen das actividades desenvolvidas polo traballador/a durante o período xustificado, obxectivos conseguidos, número de persoas inseridas no mercado laboral, e foto acreditativa do cartel identificativo do programa.
6. Declaración responsable da xustificación (ANEXO VIII)
7. Certificado de conta bancaria expedida pola entidade á que se transferirá o importe da subvención.
8. No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ESO4-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida en non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.

Unha vez aprobada a documentación xustificativa, aboarase a subvención total concedida se é o caso, ou o resto da mesma descontando a parte do anticipo. Non se procedera o seu aboamento nin tampouco a aboamento do anticipo se o beneficiario non esta ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte a seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedemento de reintegro.

#### **Artigo 12. Causas excepcionais**

As dúbidas ou controversias en relación de calquera índole serán resoltas pola comisión de valoración nomeada para o efecto, por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, por causas sobrevindas debidamente xustificadas, a entidade beneficiaria deberá comunicalo de inmediato á Deputación, e esta, previa valoración do caso, poderá resolver unha nova contratación por parte da entidade beneficiaria, sen que iso en ningún caso supoña un incremento da cantidade subvencionada. A entidade beneficiaria tamén poderá optar a renuncia, a parte da subvención non aplicada e realizar a autoliquidación e a devolución voluntaria das posibles contías. Este suposto de devolución voluntaria da subvención é de aplicación en calquera momento do período subvencionable, sen prexuízo dos xuros de mora aplicables.

#### **Artigo 13. Incumprimentos e sancións**

O incumprimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da Subsanción da documentación correspondente se procede, suporá a exclusión do proceso de selección para o outorgamento da subvención.

No tócate a xustificación das axudas, si unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases, sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que o presente no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, e o reintegro da mesma, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A entidade beneficiaria poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar, sen prexuízo da tramitación do preceptivo expediente de reintegro. A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda.

#### **Artigo 14. Penalizacións**

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito o seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ó previsto na Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puideran derivarse.

En todo caso o incumprimento de prazos na presentación das solicitudes da subvención ou da subsanación da documentación correspondente se procede, suporá a exclusión do proceso de selección para o outorgamento da subvención.

No tócate a xustificación da subvención;

□ Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nas bases sen que a entidade presentara a documentación xustificativa a unidade xestora requirira para que a presente no prazo improrrogable de 15 días. A falta de presentación da documentación nese prazo suporá a perda do dereito o cobro da subvención outorgada e o reintegro da cantidade cobrada en concepto de anticipo, e a esixencia dos xuros de mora correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións.

□ A entidade beneficiaria poderá realizar unha autoliquidación para devolver voluntariamente as cantidades a reintegrar sen prexuízo da aplicación do perceptivo expediente de reintegro e a aplicación dos xuros de mora.

O incumprimento das obrigas establecidas nestas bases, terán a consideración de infracción e levaran consigo as sancións recollidas na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **Artigo 15. Revogación e reintegro.**

Procederá a revisión das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As obrigas de reintegro establecidas nos anexos desta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Aos beneficiarios das subvencións canalizadas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da mencionada Lei 38/2003

#### **Artigo 16. Devolución voluntaria de la subvención.**

De acordo co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006 de 21 de xullo, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Abanca ES04-2080-0163-85-3110000423, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concédente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste á data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida. Sen prexuízo da aplicación dos xuros de mora no procedemento de reintegro de acordo o artigo 90 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención

#### **Artigo 17. Plan de auditoria anual**

A efectos de executar o control financeiro e á fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría Anual que indique o alcance da comprobación, tanto á mostra como á forma de selección como ás principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das nóminas e demais documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

#### **Artigo 18. Réxime de recursos.**

As resolucións de concesións ou denegación das subvencións aos beneficiarios, poñerán fin á vía administrativa, podendo interpor contra os mesmos recurso de reposición, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de concesión e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, todo elo, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

#### **Artigo 19. Protección de datos**

| <b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS</b> |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>                                          | DEPUTACIÓN DE LUGO                                                                                                                                                                                                                                                |
| <b>Finalidade</b>                                           | Xestión programas de emprego                                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>Lexitimación</b>                                         | Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento                                                                                                                                                                                          |
| <b>Destinatarios</b>                                        | Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á AXENCIA DE COLOCACIÓN e á Xunta de Galicia. |
| <b>Dereitos</b>                                             | Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos                                                                                                                                         |
| <b>Procedencia</b>                                          | O propio interesado ou o seu representante legal                                                                                                                                                                                                                  |

<sup>1</sup> Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o punto seguinte, “información adicional sobre a protección dos seus datos persoais”.

#### **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Aos efectos previstos no “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)”, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

#### **RESPONSABLE DO TRATAMENTO**

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 – 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: [protecciondatos@deputacionlugo.org](mailto:protecciondatos@deputacionlugo.org)
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: [dpd@deputacionlugo.org](mailto:dpd@deputacionlugo.org)

#### **FINALIDADE**

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da xestión de programas de emprego.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información manteranse no sistema de forma indefinida en tanto o interesado non solicite a súa supresión.

#### **LEXITIMACIÓN**

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

#### **DESTINATARIOS**

Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo. Está prevista a comunicación dos datos á Axencia de Colocación e á Xunta de Galicia.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

### **DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, en DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).

### **Artigo 20. Normativa de aplicación**

Para todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na:

- Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa.
- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de Novembro, xeral de subvencións.
- A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE nº L 352, do 24 de decembro de 2013).
- Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Regulamento Xeral da Lei de Protección de Datos. Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno.
- Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As declaracións responsables previstas nestas bases fornecerán os efectos previstos polo artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

Lugo, 15 de outubro de 2018 "O PRESIDENTE, P.D Decreto Nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON.

### **INDICE DE ANEXOS**

- **ANEXO I: SOLICITUDE DE ADHESION**
- **ANEXO III : DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O PERSOAL A CONTRATAR**
- **ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DISPOÑER DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN**
- **ANEXO V: DECLARACIÓN RESPONSABLE XERAL**
- **ANEXO VI: MODELO DE ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA SUBVENCIÓN**
- **ANEXO VII: CADRO DE GASTOS REALIZADOS DURANTE O PROXECTO**
- **ANEXO VIII: DECLARACIÓN RESPONSABLE XUSTIFICACIÓN**

| ANEXO I                                                                                                          |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|
| SOLICITUDE DE ADHESION O PROGRAMA TECENDO EMPREGO                                                                |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE ENTIDADES BENEFICIARIAS                                                             |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| <b>TIPOLOXÍA</b>                                                                                                 |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| <input type="checkbox"/> FEDERACIÓN<br><input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN<br><input type="checkbox"/> FUNDACIÓN | <input type="checkbox"/> CONFEDERACIÓN<br><input type="checkbox"/> AGRUPACIÓN                                               | <b>SECTOR DE ACTUACIÓN</b> (Breve descrición do colectivo co que traballan): |                              |
| <b>DATOS DO SOLICITANTE</b>                                                                                      |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE                                                                                         |                                                                                                                             | NIF                                                                          |                              |
| ENDEREZO                                                                                                         |                                                                                                                             | CP                                                                           |                              |
| LOCALIDADE                                                                                                       | PROVINCIA                                                                                                                   | TELÉFONO                                                                     |                              |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO                                                                                             | MÓBIL                                                                                                                       | URL                                                                          |                              |
| ACTIVIDADE (BREVE DESCRICIÓN)                                                                                    |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| <b>DATOS DO REPRESENTANTE</b>                                                                                    |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| NOME E APELIDOS                                                                                                  |                                                                                                                             | DNI                                                                          |                              |
| <b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>                                                                        |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| ENDEREZO                                                                                                         |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| CP                                                                                                               | LOCALIDADE                                                                                                                  | PROVINCIA                                                                    |                              |
| TELÉFONO/S                                                                                                       | ENDEREZO ELECTRÓNICO                                                                                                        |                                                                              |                              |
| <b>DATOS BANCARIOS</b>                                                                                           |                                                                                                                             |                                                                              |                              |
| TITULAR DA CONTA BANCARIA                                                                                        | ENTIDADE                                                                                                                    | NÚMERO DE IBAN                                                               |                              |
| <b>GASTOS DO PROXECTO</b>                                                                                        | <b>LIÑA POLA QUE OPTA</b>                                                                                                   | <b>CUSTO BRUTO ANUAL</b>                                                     | <b>SUBVENCION SOLICITADA</b> |
|                                                                                                                  | NOVEL <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2                                                                 | €                                                                            | %                            |
|                                                                                                                  | SENIOR <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2                                                                | €                                                                            | %                            |
|                                                                                                                  | VETERANO <input type="checkbox"/> 1 <input type="checkbox"/> 2                                                              | €                                                                            | %                            |
|                                                                                                                  | TOTAL                                                                                                                       | €                                                                            | %                            |
| <b>SOLICITA ANTICIPO</b>                                                                                         | <input type="checkbox"/> NO <input type="checkbox"/> SI % ANTICIPO QUE SOLICITA(Ata un máximo do <input type="text"/> 50%): |                                                                              |                              |

En relación o artigo 19 das bases que regulan o programa onde se especifica o tratamento de datos persoais:



| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS |                                                                                                                                                                                                                                                                      |
|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>                                   | DEPUTACIÓN DE LUGO                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>Finalidade</b>                                    | Xestión programas de emprego                                                                                                                                                                                                                                         |
| <b>Lexitimación</b>                                  | Cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento                                                                                                                                                                                              |
| <b>Destinatarios</b>                                 | Durante da tramitación do expediente se publicará información do estado das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo.<br>Está prevista a comunicación dos datos á AXENCIA DE COLOCACIÓN e á Xunta de Galicia. |
| <b>Dereitos</b>                                      | Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos                                                                                                                                            |
| <b>Procedencia</b>                                   | O propio interesado ou o seu representante legal                                                                                                                                                                                                                     |

☐ **Si** autorizo e consinto a que a DEPUTACION DE LUGO utilice os meus datos para a solicitudes do programa Tecendo Emprego.

☐ **Non** autorizo nin consinto que a DEPUTACION DE LUGO utilice os meus datos para a solicitudes do programa Tecendo Emprego.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o artigo 19 das bases do Programa.

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2018

(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ANEXO III

## DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O TRABALLADOR A CONTRATAR

Comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período de tempo que dure o programa, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

| DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE               |                        |                                |                                                             |                                         |
|---------------------------------------------|------------------------|--------------------------------|-------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|
| RAZON SOCIAL                                |                        |                                |                                                             |                                         |
| CIF                                         |                        |                                |                                                             |                                         |
| ENDEREZO DO CENTRO DE TRABAJO               |                        |                                |                                                             |                                         |
| DATOS SOBRE O TRABALLADOR A CONTRATAR       |                        |                                |                                                             |                                         |
| CONVENIO COLECTIVO DE APLICACIÓN :          |                        |                                |                                                             |                                         |
| PERFIL 1<br>CATEGORÍA<br>PROFESIONAL        | GRUPO DE<br>COTIZACIÓN | SALARIO<br>BRUTO<br>MENSUAL(1) | COTIZACIÓN<br>EMPRESARIAL Á<br>SEGURIDADE<br>SOCIAL MENSUAL | TOTAL<br>(SALARIO+SEGURIDADE<br>SOCIAL) |
|                                             |                        |                                |                                                             |                                         |
| CUSTO BRUTO ANUAL                           |                        |                                |                                                             |                                         |
| PERFIL 2<br>CATEGORÍA<br>PROFESIONAL        | GRUPO DE<br>COTIZACIÓN | SALARIO<br>BRUTO<br>MENSUAL(1) | COTIZACIÓN<br>EMPRESARIAL Á<br>SEGURIDADE<br>SOCIAL MENSUAL | TOTAL<br>(SALARIO+SEGURIDADE<br>SOCIAL) |
|                                             |                        |                                |                                                             |                                         |
| CUSTO BRUTO ANUAL                           |                        |                                |                                                             |                                         |
| TOTAL COSTE BRUTO ANUAL PERFIL 1 + PERFIL 2 |                        | €                              |                                                             |                                         |

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos á cotización mensual

O cadro de financiación do custo do traballador subvencionado conformase do seguinte xeito:

| FONTES DE FINANCIACIÓN              | IMPORTE DA AXUDA |
|-------------------------------------|------------------|
| SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL |                  |
| SUBVENCIÓN DE OUTRAS ADMINISTRACIÓN |                  |
| OUTRAS FONTES                       |                  |
| FONDOS PROPIOS                      |                  |
| TOTAL                               |                  |

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2018

(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ANEXO IV

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE DISPOÑER DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN

D./D.<sup>a</sup>.....  
..... con NIF ..... na miña condición de representante da  
entidade..... con  
NIF.....

**DECLARO** baixo xuramento e a miña responsabilidade que teño no meu poder a seguinte documentación e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período de tempo que dure o programa, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

1. Cartón de identificación fiscal (persoa xurídica) ou NIF (persoa física)
2. Alta no imposto de actividades económicas, ou si é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036) ou declaración responsable de non estar obrigado.
3. Representación da entidade solicitante a efectos da subvención. Poderá xustificarse co certificado do secretario da entidade, co visto e praxe do seu presidente, en vigor, en que se faga constar a data de nomeamento do representante da entidade, nome, apelidos e o número de documento de identidade.
4. Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro correspondente, debendo quedar acreditada, de ser o caso, a súa condición de entidade sen ánimo de lucro.

**AUTORIZO:**

A Deputación de Lugo a comprobación, en calquera fase do programa, que a entidade que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias(Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial.

En , de de 2018  
(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

## ANEXO V

### DECLARACIÓN RESPONSABLE XERAL

D./D.<sup>a</sup> .....  
 ..... con NIF ..... na miña condición de representante da  
 entidade..... con  
 NIF.....

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas :

1. Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos, na memoria técnica e demais documentación son certos.
2. Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar a Deputación de Lugo toda a documentación requirida nas presentes bases.
3. Que acepto o traballador/a que lle asigne a Deputación de Lugo, e entregar o informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.
4. Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose ós termos do programa
5. Que non ten despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
6. Que a entidade que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade que represento cumpre o disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.
8. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Excm. Deputación Provincial de Lugo.
9. Que a entidade que represento atópase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias(Estado e CCAA), Seguridade Social e Deputación Provincial
10. Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador contratado desempeñe as súas tarefas.
11. Que a entidade que represento non é debedor por procedemento de reintegro.
12. Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial tramitada.
13. Cumprimento da normativa laboral vixente mentres dura a actividade subvencionada.
14. Que autorizo á Deputación de Lugo para que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada.
15. Non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. No caso de ter solicitado ou concedido axudas para o mesmo fin cumprimentar o seguinte cadro:

| CONVOCATORIA | ORGANISMO | SITUACIÓN AXUDA | IMPORTE DE AXUDA | ANO |
|--------------|-----------|-----------------|------------------|-----|
|              |           |                 |                  |     |
|              |           |                 |                  |     |
|              |           |                 |                  |     |

16. Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- ☐ **NON** solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de mínimos (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento (CE) 717/2014 de 27 de xuño de 2014.) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento.
- ☐ **SÍ** solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de mínimos nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTO DA AXUDA | IMPORTE | ANO |
|----------------------|------------------|---------|-----|
|                      |                  |         |     |
|                      |                  |         |     |
|                      |                  |         |     |

|                                                |  | IMPORTE |
|------------------------------------------------|--|---------|
| IMPORTE TOTAL das axudas de mínimos percibidas |  |         |

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2018  
(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

**ANEXO VI**  
**MODELO ACEPTACIÓN/RENUNCIA DA SUBVENCIÓN**

D./D.<sup>a</sup>.....con  
NIF..... na miña condición de representante da  
entidade.....con  
NIF.....

- ☐ ACEPTO Á SUBVENCIÓN OUTORGADA  
☐ RENUNCIO Á SUBVENCIÓN OUTORGADA

En , de de 201  
(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO



### ANEXO VIII DECLARACIÓN RESPONSABLE XUSTIFICACIÓN

D./D.<sup>a</sup> .....  
 .....con NIF ..... na miña condición de representante da entidade.....con NIF.....

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada pola Deputación de Lugo, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- ☐ Declaración responsable de que a subvención outorgada empregouse na súa totalidade para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa.
- ☐ Non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- ☐ Non ter solicitado outras axudas para o proxecto
- ☐ Ter solicitado ou concedido axudas da Deputación de Lugo ou doutros organismos que se mencionan a continuación para o mesmo fin:

| CONVOCATORIA (1) | ORGANISMO | SITUACIÓN ACTUAL AXUDA (2) | IMPORTE DE AXUDA | ANO |
|------------------|-----------|----------------------------|------------------|-----|
|                  |           |                            |                  |     |
|                  |           |                            |                  |     |

(1) Título da convocatoria e número de Diario Oficial (2) Indique: Solicitada, Concedida ou Pagada.

Así mesmo **DECLARA** que:

- ☐ **NON** solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de minimis (Regulamento 1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento (CE) 717/2014 de 27 de xuño de 2014.) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento.
- ☐ **SÍ** solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de minimis nos tres últimos exercicios fiscais (inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

| ORGANISMO CONCEDENTE | OBXECTO DA AXUDA | IMPORTE | ANO |
|----------------------|------------------|---------|-----|
|                      |                  |         |     |
|                      |                  |         |     |
|                      |                  |         |     |

| IMPORTE TOTAL das axudas de minimis percibidas | IMPORTE |
|------------------------------------------------|---------|
|                                                |         |

O cadro de financiación do custo do traballador subvencionado conformouse do seguinte xeito:

| FONTES DE FINANCIACIÓN               | IMPORTE DA AXUDA |
|--------------------------------------|------------------|
| Subvención Da Deputación Provincial  |                  |
| Subvención De Outras Administracións |                  |
| Outras Fontes                        |                  |
| Fondos Propios                       |                  |
| Total                                |                  |

En , de de 201

(Sinatura dixital do representante legal da entidade)

**ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**



**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO***Anuncio***ANUNCIO DE FORMALIZACIÓN****1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

- a) Organismo: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Nº de expediente: EXP0007SU18-ABO.
- d) Domicilio: San Marcos 8.
- e) Localidade e código postal: Lugo 27001.
- f) Teléfono: 982260202/982260095
- g) Correo electrónico: contratacion@deputacionlugo.org.
- h) Dirección de Internet de perfil de contratante: <http://www.deputacionlugo.org/>.

**2. OBXECTO DO CONTRATO:**

- a) Tipo: Subministración.
- b) Descrición: contratación da subministración de equipamento e recursos TIC para a actualización, ampliación e renovación dos Centros de Proceso de Datos (CPDS) da Deputación de Lugo e dos servizos de optimización, mellora e actualización dos sistemas e recursos que compoñen a infraestrutura TIC e de virtualización.
- c) Duración/Execución: 12 meses (un ano)
- d) Admisión de prórroga: Non
- e) CPV:  
48800000-6 Sistemas y servidores de información  
48820000-2 Servidores  
72317000-0 Servicios de almacenamiento de datos

**3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

- a) Tramitación: Ordinaria
- b) Procedemento: Aberto e selección da oferta economicamente máis vantaxosa.
- c) Criterios de adxudicación (Ver cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas).

**4. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN:**

- a) Importe neto: 231.404,96 euros. I V E ( 21%). Importe total: 280.000,00 euros

**5. ADXUDICACIÓN**

- a. **Data:** 17 de agosto do 2018
- b. **Contratista:** TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.
- c. **Prezo de adxudicación:** 204.120,35 euros. I V E ( 21%). Importe total: 246.985,62 euros
- d. **Data da formalización:** 8 de outubro de 2018

Lugo, 9 de outubro do 2018.- O PRESIDENTE. P. D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 2880

**SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS***Anuncio***INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- XERMADE.- ACONDICIONAMIENTO DE LA CARRETERA PROVINCIAL LU-P-2204 "MOMÁN (LU-170)-LÍMITE PROVINCIAL A CORUÑA (AS PONTES)" P.K. 4+000 AL 7+000 (EX004OB18AB).

.- A FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 "FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722)", P.K. 0+000 – 4+350 (EX006OB18AB).

.- LUGO.- MELLORA E POSTA EN VALOR DOS HORTOS URBANOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO NO PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI SEGUNDO PROXECTO "OS AGROS DO RATO E PARADAI".- (EX005OB18AB).

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 8 outubro de 2018. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO EN FUNCÍONS, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 2865

### Anuncio

**ANUNCIO DE APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO QUE SE INDICA E DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINALAN:**

|                                                                                                                                                                                 | PRESUPUESTO LICITACION                                         | PRAZO DURACION |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|----------------|
| "EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021. DIVISIÓN EN LOTES(1) (LOTES 1-8)". EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: EXP0037SE18-ABO-SARA." | 5.349.050,00 € valor estimado<br>6.472.350,50 € (IVE incluído) | 24 meses       |

(1)

| LOTE | TÍTULO                                                                                                                      | ORZAMENTO LICITACIÓN | IVE                   | TOTAL                |
|------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|-----------------------|----------------------|
| 1    | ZONA 1 O VICEDO, VIVEIRO, XOVE, BURELA, CERVO, OUROL, MURAS, XERMADE Y VILALBA                                              | 655.690,00€          | 137.694,90 €          | 793.384,90 €         |
| 2    | ZONA 2 O VALADOURO, FOZ, ALFOZ, BARREIROS, LOURENZA, RIBADEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADIN, A PONTENOVA, RIOTORTO Y PASTORIZA | 724.710,00 €         | 152.189,10€           | 876.899,10 €         |
| 3    | ZONA 3 COSPEITO, OUTEIRO DE REI, O CORGO, BALEIRA, BARALLA, RÁBADE, MEIRA, POL, CASTRO DE REI, LUGO, CASTROVERDE Y LÁNCARA  | 793.730,00€          | 166.683,30 €          | 960.413,30€          |
| 4    | ZONA 4 MONTERROSO, ANTAS DE ULLA, PORTOMARIÑ, PÁRAMO, SARRIA, PARADELA, GUITIRIZ, BEGONTE, FRIOL, GUNTÍN Y PALAS DE REI.    | 672.945,00 €         | 141.318,45€           | 814.263,45€          |
| 5    | ZONA 5 FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑIZ, RIBEIRA DE PIQUIN Y NAVIA DE SUARNA                                                   | 621.180,00€          | 130.447,80€           | 751.627,80€          |
| 6    | ZONA 6 BECERREÁ, CERVANTES, AS NOGAIS Y PEDRAFITA DO CEBREIRO                                                               | 603.925,00€          | 126.824,25€           | 730.749,25€          |
| 7    | ZONA 7 CAUREL, O INCIO, SAMOS, TRIACASTELA, QUIROGA Y RIBAS DO SIL                                                          | 586.670,00€          | 123.200,70€           | 709.870,70€          |
| 8    | ZONA 8 MONFORTE, BOVEDA, POBRA DO BROLLÓN, SOBER, PANTÓN, O SAVIÑO, TABOADA, CHANTADA Y CARBALLED                           | 690.200,00€          | 144.942,00€           | 835.142,00€          |
|      | <b>TOTAL</b>                                                                                                                | <b>5.349.050,00€</b> | <b>1.123.300,50 €</b> | <b>6.472.350,50€</b> |

### CARACTERISTICAS:

#### 1º. – ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Excm. Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo
- Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> – perfil do contratante).

#### 2º. – DESCRIPCION DO CONTRATO

- Tipo de contrato: Servizo.
- Obxecto: EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021. DIVISIÓN EN LOTES (LOTES 1-8)". EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: EXP0037SE18-ABO-SARA.

c) Prazo de duración: O sinalado ao comezo do anuncio.

### **3º. – TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION**

a) Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto

### **4º. – VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O que se sinala no comezo do anuncio

### **5º. – GARANTIAS**

a) Provisional: Non se esixe.

b) Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación, de cada lote, sen IVE.

### **6º. – REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA**

a) Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. ( Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusulas 7ª e 17ª. A clasificación axeitada sería: Grupo 0) Subgrupo 2) Categoría c) (antes da entrada en vigor do RD 773/2015) e Categoría 3) (despois da entrada en vigor do RD 773/2015).

b) Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

### **7º. – PRESENTACION DE OFERTAS**

a) Data límite de presentación: 35 días naturais contados dende o seguinte a publicación do envío do anuncio ao DOUE. Na plataforma de contratos do sector público precisarase a data da finalización de presentación de ofertas.

b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. ( ver punto 1º)

d) Admisión de variantes: NON

e) Idioma: Castelán e Galego

### **8º. – CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)**

| Criterios de adjudicación evaluables mediante fórmulas matemáticas                                                                                              | PUNTUACIÓN MÁXIMA |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| 1. Oferta económica                                                                                                                                             | 60                |
| 2. Empleo de vehículos ecológicos                                                                                                                               | 10                |
| 3. Asistencia técnica para la realización de inventario e inspección básica de todas las obras de paso de la red viaria provincial en la zona respectiva (lote) | 10                |
| 4. Ejecución de cuneta triangular                                                                                                                               | 10                |
| 5. Fomento de la contratación indefinida                                                                                                                        | 5                 |
| 6. Fomento de la contratación femenina                                                                                                                          | 5                 |

**9º. – APERTURA DE OFERTAS**

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.
- b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.
- c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

**10º. – GASTOS DE ANUNCIOS.**

Correrán por conta dos adxudicatarios.

**11º. – OBRIGAS DO CONTRATISTA**

As sinaladas no PCAP, entre elas constan condicións esenciais e especiais de execución cualificadas como obrigas contractuais esenciais sinaladas na cláusula 22.

**12º.– OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION**

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Plataforma de contratación do sector público
- c) Teléfono: 982-260080 – 24
- d) Fax: 982-180004

Lugo, 16 outubro de 2018. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017. O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO EN FUNCIÓN, Manuel Castiñeira Castiñeira.  
R. 2906

**CONCELLOS****BARREIROS***Anuncio***BOLSAS DE EMPREGO TEMPORAL**

Por Resolución de alcaldía, aprobanse o 9 de outubro, as bases específicas que rexerán a convocatoria para a creación das bolsas de emprego que se indican a continuación, como persoal laboral temporal do concello de Barreiros e que se transcriben literalmente, abrindose o prazo para a presentación de instancias conforme ao establecido nas bases xerais publicadas no BOP do 28 de abril de 2017, durante 10 días hábiles (non se contan sábados, domingos nin festivos), e debendo presentar a seguinte documentación no rexistro do concello de Barreiros (Rúa Vila, 63, San Cosme de Barreiros, 27790):

**- POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR****- POSTOS DE TRABALLO COMO PEON DE MANTEMENTO DE EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS (ESPECIALIDADE DE ALBANALERÍA).****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./Dª. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en \_\_\_\_\_, con dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_ e teléfono de contacto \_\_\_\_\_,

DECLARA baixo xuramento ou promete, ós efectos de ser admitido/a no proceso de elaboración de bolsas de emprego para cubrir postos de traballo temporais no concello de Barreiros, que:

A) Non foi separado/a mediante expediente disciplinario do Servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó Servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

O/A solicitante

Asdo:

**ANEXO I.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.****1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual 950 € mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásen tamén a este tipo de contrato.

**2.- Horario e condicións do posto de traballo:**

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicáraselle polo responsable do departamento de servizos sociais segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

**3.- Titulación requirida:**

Conforme ó establecido na Resolución de 11 de decembro de 2017 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais de Igualdade (BOE 30/12/2017), consideraranse os seguintes títulos e certificados:

- Título de formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio.
- Técnico en coidados auxiliares de enfermería ou os equivalentes (técnico auxiliar de clínica, técnico auxiliar de psiquiatría e técnico auxiliar de enfermería).
- Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou o equivalente, técnico de atención sociosanitaria.
- Técnico superior en Integración social.
- Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

**4.- Requisitos específicos:**

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio. No caso de ter que facer desprazamentos no termo municipal por motivos de traballo, abonarásen cada mes o kilometraje efectuado a 0,19 €/Km acreditado.

**5.- Baremo do concurso:****a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia laboral no Servizo de Axuda no Fogar xestionado directamente por concellos ou por outras administracións públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 6 puntos.
- Experiencia laboral directamente relacionada co coidado de ancianos ou persoas dependentes, en empresas privadas ou públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

**b) FORMACIÓN:**

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

**c) COÑECEMENTO DO GALEGO:**

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

**SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE TRABALLO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_; Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

☐ Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

☐ Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.

☐ Copia do carné de conducir. (Declaro que teño dispoñibilidade de vehículo propio).

☐ Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

- \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Sinatura: \_\_\_\_\_

**ANEXO II.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE TRABAJO COMO PEON DE MANTENIMIENTO DE EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS (ESPECIALIDADE DE ALBANELERÍA).****1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual 800 € mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarase tamén a este tipo de contrato.

**2.- Horario e condicións do posto de traballo:**

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicáraselle polo responsable do departamento de obras e servizos segundo as necesidades. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

**3.- Requisitos para participar no proceso selectivo:**

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Estudos oficiais acreditados de albanelería ou relacionados coa construción, certificado de profesionalidade ou ben experiencia laboral como albanel de tres anos, como mínimo, dentro dos últimos quince anos. Deberá estar na súa posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias e deberá acreditarse mediante documento oficial expedido polo organismo competente ou calquera outra documentación oficial que acredite a experiencia (vida laboral, alta como autónomo, certificado de empresa,...). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

**4.- Requisitos específicos:**

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio.

**5.- Baremo do concurso:****a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia laboral como albanel en concellos ou noutras administracións públicas: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

- Experiencia laboral de albanel como autónomo ou nalgunha empresa privada: 0,25 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

- Experiencia laboral como oficial de albanelería: 0,15 puntos por mes traballado ata un máximo de 4 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

**b) FORMACIÓN:**

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.



**SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE TRABALLO COMO PEON DE MANTEMENTO DE EDIFICIOS E ESPAZOS PÚBLICOS (ESPECIALIDADE DE ALBANELERÍA).**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_; Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a creación da Bolsa de Emprego para contratación laboral temporal que se indica.

2. Que coñezo e acepto as bases que rexen a formación de dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.

3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.

4. Que solicito ser incluído en dita bolsa de emprego e para iso presento a seguinte documentación:

☐ Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

☐ Copia da titulación esixida e da documentación que acredite os requisitos mínimos.

☐ Copia do carné de conducir. (Declaro que teño dispoñibilidade de vehículo propio).

☐ Declaración responsable segundo o modelo que se inclúe nas bases xerais.

☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

- \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_  
 - \_\_\_\_\_

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a na correspondente Bolsa de Emprego. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Barreiros, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Sinatura: \_\_\_\_\_

Barreiros, a 9 de outubro de 2018.- O Alcalde, Jose Alfonso Fuente Parga.

R. 2867

## BURELA

### Anuncio

#### PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE INVERNO

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 3 de outubro de 2018 o establecemento e fixación do PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE INVERNO para os meses de outubro a maio, polo importe de 6 euros mensuais de cota por cada actividade por alumno e mes.

Por medio do presente expónse ao público durante o prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao abeiro do establecido na Lei Xeral Tributaria.

Burela, 4 de outubro de 2018.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 2852

## FOLGOSO DO COUREL

### Anuncio

Queda aprobada definitivamente a modificación mediante crédito extraordinario do expediente nº 330/2018 MC 13/2018 SC1 do vixente Orzamento Municipl, ó non haber reclamación no prazo de exposición ao público do acordo inicial de aprobación da mesma en sesión plenaria de 31 de agosto de 2018, publicado no BOP nº 213 de 15 de setembro de 2018.

O resumo por capítulos do estado de gastos e ingresos é o seguinte:

#### ESTADO DE GASTOS

| ORZAMENTO DE GASTOS          | ANTERIOR            | MODIFICACION     | TOTAL               |
|------------------------------|---------------------|------------------|---------------------|
| 1.Gastos de persoal          | 740.590,89          |                  | 740.590,89          |
| 2.Gtos. en bens ctes e serv. | 381.876,48          |                  | 381.876,48          |
| 3.Gastos financeiros         | 600,00              |                  | 600,00              |
| 4.Transferencias correntes   | 34.329,68           |                  | 34.329,68           |
| 6.Investmentos reais         | 735.629,13          | 10.108,40        | 745.737,53          |
| 7.Transferencias de capital  | 2.480,65            |                  | 2.480,65            |
| 8.Activos financeiros        | 0,00                |                  | 0,00                |
| 9.Pasivos financeiros        | 0,00                |                  | 0,00                |
| <b>TOTAL</b>                 | <b>1.895.506,83</b> | <b>10.108,40</b> | <b>1.905.615,23</b> |

#### ESTADO DE INGRESOS

| ORZAMENTO DE GASTOS           | ANTERIOR            | MODIFICACION     | TOTAL               |
|-------------------------------|---------------------|------------------|---------------------|
| 1.Impostos directos           | 181.456,44          |                  | 181.456,44          |
| 2.Impostos indirectos         | 10.000,00           |                  | 10.000,00           |
| 3.Taxas e outros ingresos     | 70.797,74           |                  | 70.797,74           |
| 4.Transferencias correntes    | 969.228,16          |                  | 969.228,16          |
| 5. Ingresos patrimoniais      | 2.140,00            |                  | 2.140,00            |
| 6.Alleamento de investimentos | 0,00                |                  | 0,00                |
| 7.Transferencias de capital   | 430.854,32          |                  | 430.854,32          |
| 8.Activos financeiros         | 231.030,17          | 10.108,40        | 241.138,57          |
| 9.Pasivos financeiros         | 0,00                |                  | 0,00                |
| <b>TOTAL</b>                  | <b>1.895.506,83</b> | <b>10.108,40</b> | <b>1.905.615,23</b> |

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgo do Courel, 10 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2868

### Anuncio

De conformidade cos artigos 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, e artigo 20 do Real Decreto 500/1990, o Concello Pleno en sesión ordinaria de data 31 de agosto de 2018 aprobou inicialmente a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás subvencións nominativas, que resultou definitiva ao non terse presentado reclamacións durante o período de exposición pública. Faise público a base 12ª das bases de execución do orzamento de 2018, no referente ás subvencións nominativas, que queda redactada nos seguintes termos:

#### **“Base 12ª.- Concesión e pagamento de subvencións.-**

*1. Establécense a seguintes subvencións nominativas de conformidade co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:*

| <i>Aplicación orzamentaria</i> | <i>Beneficiario</i>                                       | <i>Actividade subvencionable</i>                                                         | <i>Importe</i> |
|--------------------------------|-----------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| 323.48                         | CPI Poeta Uxío Novoneyra<br>Q2768018J                     | Actividades complementarias e extraescolares 2018                                        | 500,00         |
| 323.48                         | Asociación de Pais e Nais de Alumnos<br>G27161249         | Actividades 2018                                                                         | 2.716,00       |
| 432.48                         | Universidade de Santiago de Compostela<br>Q1518001A       | Xornada de agroecoloxía “Unha montaña de oportunidades” na Estación Científica do Courel | 500,00         |
| 432.48                         | Universidade de Santiago de Compostela<br>Q1518001A       | Seminario o Patrimonio Cultural do Courel na Estación Científica do Courel               | 500,00 €       |
| 432.47                         | Matriuska Producciones S.L.<br>B36486140                  | Producción da película ¿Qué hicimos mal? rodada en parte no Concello de Folgo do Courel  | 300,00 €       |
| 334.48                         | Asociación de Desarrollo Rural Serra do Courel G-27237494 | Proxecto Courel Son 2018                                                                 | 500,00 €       |

(...)”

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na forma e prazos que establecen as normas da xurisdicción contencioso-administrativa.

Folgo do Courel 10 de outubro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2873

## A FONSAGRADA

### Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 09.10.2018, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de setembro de 2018 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9.509,29 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 823,20 €.

**Exposición:** O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

**Recursos:** Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

**Carga de recibos domiciliados:** Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 9 de outubro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2869

---

### *Anuncio*

#### **Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao cuarto bimestre do ano 2018**

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 4º bimestre do ano 2018, a Xunta de Goberno Local do Concello da Fonsagrada na sesión celebrada o día 02 de outubro de 2018,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 4º bimestre do ano 2018.

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

**TERCEIRO.-** Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

**CUARTO.-** O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 03.10.2018 ao 03.12.2018, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 9 de outubro de 2018.- O alcalde, Argelio Fernández Queipo.

R. 2870

## O INCIO

### *Anuncio*

#### **BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO.**

**1.- OBXECTO DA BASES ESPECÍFICAS:** ELABORACIÓN DE LISTAXE DE ASPIRANTES A PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS COMO ADMINISTRATIVO/A .

**2.- RELACIÓN XURÍDICA:** Persoal Funcionario Interino regulado no art. 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

**3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:**

**3.1.- DENOMINACIÓN DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:** ADMINISTRATIVO/A.

**3.2.- GRUPO DE ENCADRAMENTO:** Grupo C – Subgrupo C1.

**3.3.- RETRIBUCIÓN:**

As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de: **Administrativo/a**.

**4.- ADSCRICIÓN:** Ás distintas Unidades Administrativas, declaradas prioritarias ou que formen parte de servizos públicos esenciais, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

**5.- FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABAJO:**

En xeral as propias dun/dunha Administrativo/a que lle sexan encomendadas e resulten necesarias por razóns do servizo, conforme á descrición que se recolle, para este tipo de persoal, no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e noutras disposicións que resulten de aplicación, nesta materia, ao persoal ao servizo das Administracións Públicas.

**6.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA:**

**6.1.- Requisitos Xerais:**

Ademais dos requisitos xerais de participación que se establecen nas Bases Xerais que rexen este proceso selectivo, aprobadas por resolución da Alcaldía, de 17 de xullo de 2018, (BOP nº 17, de 1 de agosto de 2018), atendendo ao grupo e subgrupo de clasificación do tipo da praza/posto/ emprego convocada, establécense os seguintes requisitos:

- Titulación de Bacharelato ou Técnico (art. 76 EBEP).

**6.2.-Requisitos específicos:**

- Ter coñecemento do idioma galego que se acreditará co certificado do curso de perfeccionamento, Celga 4 ou equivalente.

No caso de non ter documentación acreditativa esixida, deberase superar unha proba de coñecemento de lingua galega, nos termos que se recollen na Base 8 destas bases específicas.

**7. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.**

**7.1. FASE DE OPOSICIÓN**

As probas a realizar na fase de oposición serán as seguintes:

**7.1.1. PROBA TEÓRICA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.**

Esta proba terá carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa (base específica 9).

A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:

**Primeira opción:**

A) Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.

B) Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.

**Segunda opción:**

Nun exame tipo test que abranga á totalidade do programa (materias comúns e específicas).

O Tribunal determinará:

· O número de preguntas do exame tipo test.

· O tempo para a realización da proba.

· Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.

· A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

#### **7.1.2. PROBA PRÁCTICA.**

Esta proba consistirá nun suposto de carácter práctico sobre as funcións que se sinalan na base específica 5.

O Tribunal determinará:

· O contido do suposto práctico podendo incluír probas materiais ou simulacros, contestación a preguntas de forma oral, contestación de probas tipo test, determinación de itinerarios a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, ...).

· A lectura pública polas persoas aspirantes (sempre que o contido da proba o permita) así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba para formar unha opinión máis precisa dos coñecementos práctico de cada aspirante.

· Os criterios obxectivos de corrección.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria.

Cualificarase ata un máximo de 20 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 10 puntos.

#### **7.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 22 puntos).**

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

· Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean acreditados conforme se sinala nas Bases Xerais.

· Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas na base específica 5 a excepción do apartado de idioma Galego que se puntuará en todos os casos.

##### **7.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 7 puntos).**

Criterios xerais:

· O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.

· A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.

· No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.

· A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

##### **Criterios de puntuación:**

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público:

· Desempeño nas mesmas prazas/postos/empregos que se convoca: Valorarase a razón de 0,084 puntos por cada 30 días de traballo.

· Desempeño da prazas/postos/empregos con funcións similares: Valorarase a razón de 0,063 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas:

● Desempeño do mesmo posto/emprego: Valorarase a razón de 0,042 puntos por cada 30 días de traballo.

● Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,022 puntos por cada 30 días de traballo.

##### **7.2.2. Formación académica (puntuación máxima de 2 puntos).**

Criterios xerais:

Só se puntuarán as titulacións académicas distintas daquela que xerou o dereito á participación no proceso selectivo que se convoca (Base específica 6).

Criterios de puntuación:

- a) Por titulación do mesmo nivel á requirida: 0,25 puntos.  
 b) Por titulación de nivel superior á requirida: 0,50 puntos.  
 c) Por titulación moi relevante para o desempeño das funcións do posto: 1 punto.

### 7.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 5 puntos).

Criterios xerais:

- Non se puntuarán as asignaturas ou materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que son necesarios para realizar as tarefas do posto.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

Criterios de Puntuación:

- a) Cursos, xornadas, seminarios, congresos, masters propios e similares:

| TIPO DE CURSOS   | PUNTUACIÓN POR HORA |
|------------------|---------------------|
| Asistencia.      | 0,005               |
| Aproveitamento.  | 0,010               |
| Impartir cursos. | 0,020               |

- b) Publicacións, proxectos ou similares puntuaranse a criterio do Tribunal en función da relevancia para o desempeño do posto.

### 7.2.4. Idioma Galego (puntuación máxima 1 punto).

Criterios xerais:

- Non se puntuará o nivel de Galego esixido na base específica 3.2.
- O Tribunal poderá puntuar, en función da relevancia para realizar as funcións do posto convocado, os niveis ou cursos con puntuación superior ao outorgado ao B1.
- No suposto de presentar varios documentos acreditativos do coñecemento de lingua galega dos reflectidos na táboa seguinte só se puntuará un deles.

Criterios de puntuación:

| NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA                 |                                                               |                                                               |         |                                   |            |
|--------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------|-----------------------------------|------------|
| Marco Europeo de Referencia para os idiomas cooficiais |                                                               |                                                               |         | Cursos/ titulacións convalidables | Puntuación |
|                                                        | Escola Oficial de idiomas                                     |                                                               | CELGAS  |                                   |            |
|                                                        | Plan novo                                                     | Plan vello                                                    |         |                                   |            |
| A1                                                     | 1º Curso do Nivel Básico                                      | 1º Curso do Ciclo Elemental                                   |         |                                   | 0,10       |
| A2                                                     | Certificado de Nivel Básico (1º e 2º Curso Nivel Básico)      | 1º e 2º Curso Ciclo Elemental                                 | CELGA 1 |                                   | 0,20       |
| B1                                                     | Certificado Nivel Intermedio (1º e 2º Curso Nivel Intermedio) | 3º Curso de Ciclo Elemental ou Certificado de Ciclo Elemental | CELGA 2 |                                   | 0,40       |

| NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA                 |                                                           |                                                         |         |                                                                                                                                                                                                                                   |            |
|--------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Marco Europeo de Referencia para os idiomas cooficiais |                                                           |                                                         |         | Cursos/ titulacións convalidables                                                                                                                                                                                                 | Puntuación |
|                                                        | Escola Oficial de idiomas                                 |                                                         | CELGAS  |                                                                                                                                                                                                                                   |            |
| B2                                                     | Certificado Nivel Avanzado (1º e 2º Curso Nivel Avanzado) | 1º e 2º Curso Ciclo Superior ou Certificado de Aptitude | CELGA 3 | Curso de Iniciación de lingua galega.                                                                                                                                                                                             | 0,60       |
| C1                                                     |                                                           |                                                         | CELGA 4 | Curso de perfeccionamento de lingua galega.                                                                                                                                                                                       | 0,80       |
| C2                                                     |                                                           |                                                         | CELGA 5 | -Licenciatura en Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica (subsección de galego-portugués).<br><br>-Grao en Lingua e Literatura Galega, en estudos de Galego e Español e en Galego e Português: Estudos Lingüísticos e Literarios. | 1,00       |

| CURSOS DE LINGUAXES ESPECÍFICOS                                                                                                    | Puntuación |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|
| Curso Medio de Linguaxe Administrativa galega ou Curso Medio de linguaxe xurídica galega ou cursos que teñan a mesma validez       | 0,90       |
| Curso Superior de Linguaxe Administrativa galega ou Curso Superior de linguaxe xurídica galega ou cursos que teñan a mesma validez | 0,95       |

#### 7.2.5. Idiomas comunitarios (puntuación máxima 1 punto).

Criterios xerais:

- O Tribunal poderá puntuar, en función da relevancia para realizar as funcións do posto convocado, os niveis ou cursos con puntuación superior ao outorgado ao B1.
- No suposto de acreditar varios documentos acreditativos de idiomas comunitarios dos reflectido na táboa seguinte só se puntuará un deles.
- Non se valorarán cursos que non están incluídos na táboa de equivalencias realizada con respecto ao Marco Europeo de Referencia para os idiomas comunitarios.

| NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUAS COMUNITARIAS                                                                                                               |                           |                             |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|-----------------------------|------------|
| Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (terase en conta as equivalencias con respecto ao marco europeo segundo o idioma con creto que se valore) |                           |                             | Puntuación |
|                                                                                                                                                             | Escola Oficial de idiomas |                             |            |
|                                                                                                                                                             | Plan novo                 | Plan vello                  |            |
| A1                                                                                                                                                          | 1º Curso do Nivel Básico  | 1º Curso do Ciclo Elemental | 0,10       |



| NIVEIS DE COÑECEMENTO DE LINGUAS COMUNITARIAS                                                                                                               |                                                               |                                                               |            |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|------------|
| Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (terase en conta as equivalencias con respecto ao marco europeo segundo o idioma con creto que se valore) |                                                               |                                                               | Puntuación |
|                                                                                                                                                             | Escola Oficial de idiomas                                     |                                                               |            |
|                                                                                                                                                             | Plan novo                                                     | Plan vello                                                    |            |
| A2                                                                                                                                                          | Certificado de Nivel Básico (1º e 2º Curso Nivel Básico)      | 1º e 2º Curso Ciclo Elemental                                 | 0,20       |
| B1                                                                                                                                                          | Certificado Nivel Intermedio (1º e 2º Curso Nivel Intermedio) | 3º Curso de Ciclo Elemental ou Certificado de Ciclo Elemental | 0,40       |
| B2                                                                                                                                                          | Certificado Nivel Avanzado (1º e 2º Curso Nivel Avanzado)     | 1º e 2º Curso Ciclo Superior ou Certificado de Aptitude       | 0,60       |
| C1                                                                                                                                                          |                                                               |                                                               | 0,80       |
| C2                                                                                                                                                          |                                                               |                                                               | 1,00       |

#### 7.2.6. Superación de ejercicios (puntuación máxima 1 punto).

Criterios xerais:

- Só se puntuarán os exercicios superados nos procesos selectivos de calquera Administración Pública e Entidades do Sector Público realizados para cubrir, con carácter definitivo, prazas/postos idénticos aos convocados.
- Os devanditos exercicios deberán terse superados dentro dos dous anos anteriores á publicación da convocatoria no BOP.

Criterios de puntuación: 0,20 puntos por exercicio superado.

#### 7.2.7.- Entrevista curricular (puntuación máxima 5 puntos).

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións que se sinalan nas bases específicas da praza/posto/emprego ao que se opta.

Valorarase principalmente a aptitude e actitude para a praza/emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que non se presenten a súa realización.

### 8.- PROBA DE GALEGO.

**O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:**

*"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."*

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado na base específica 6.2) deberán realizar esta proba que consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase con apto ou non apto.

### 9.- PROGRAMA DE ACCESO.

#### A) MATERIAS COMÚNS.

**Tema 1.-** A Constitución Española de 1978. O título preliminar da Constitución. Os dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns.

**Tema 2.-** As cámaras lexislativas: Congreso e Senado. O Defensor do Pobo e o Tribunal Constitucional.

**Tema 3.-** O Goberno. Composición e funcións constitucionais. O presidente do Goberno. As funcións constitucionais do Presidente do Goberno.

**Tema 4.-** O poder xudicial. Regulación constitucional. O Consello Xeral do Poder Xudicial e a organización xudicial española.

**Tema 5.-** As Comunidades Autónomas na Constitución Española de 1978. O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

**Tema 6.-** Os Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Tema 7.-** Principios de actuación das Administracións Públicas: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Outros principios da actuación administrativa.

**Tema 8.-** Sometemento de da Administración á Lei e ao Dereito. As fontes do Dereito Público. A Lei e o Regulamento. Ordenanzas, Regulamento e Bandos na Administración Local.

#### **B) MATERIAS ESPECÍFICAS.**

**Tema 9.-** O municipio como entidade local: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. Organización Municipal: Órganos de decisión colexiados e unipersonais e organización complementaria. As competencias municipais.

**Tema 10.-** Os actos administrativos: concepto, elementos e clases. Requisitos: a motivación e a forma. A eficacia dos actos administrativos. Termos e prazos. Requisitos. Validez e eficacia. A nulidade e anulabilidade.

**Tema 11.-** Os dereitos dos cidadáns en relacións coa Administración Pública. Os interesados: concepto de interesado.

**Tema 12.-** O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: A iniciación do procedemento. Presentación no Rexistro Xeral de solicitudes. Os rexistro administrativos. A ordenación e a instrución.

**Tema 13.-** O procedemento administrativo. Finalización e execución. O procedemento administrativo local.

**Tema 14.-** O expediente administrativo. Os documentos administrativos. Clases. Os documentos do cidadáns.

**Tema 15.-** Os contratos administrativos. Concepto. Clases. Elementos subxectivos: Administración contratante. O órgano de contratación. O contratista. Capacidade e prohibición para contratar. Tramitación dos expedientes de contratación. Prego de condicións. Procedemento e formas de adxudicación. Garantías. Execución. Modificación. Extinción

**Tema 16.-:** O réxime de gasto público local: a execución orzamentaria. Orde de prelación dos gastos. Expedientes de modificación de cretos. Contabilidade e rendición de contas. Control e Fiscalización orzamentaria.

**Temas 17.-** As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais. Orzamento das Entidades Locais: Conceptos esenciais da súa aprobación e execución. Tramitación de subvencións públicas.

**Tema 18.-** O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. O ingreso na función pública. A carreira administrativa. Adquisición e perda da condición de funcionario. As situacións administrativas.

**Tema 19.-** Incompatibilidades. Dereitos e deberes dos empregados públicos. O código de conduta. Principios éticos e de conduta.

**Tema 20.-** A modernización da Administración Pública. A calidade na prestación dos servizos. A Administración electrónica.

O Incio, 9 de outubro de 2018.- A ALCALDESA, Laura Celeiro García.

R. 2876

## **NEGUEIRA DE MUÑIZ**

### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de Pleno adoptado na sesión extraordinaria do 6 de setembro de 2018, de aprobación do expediente de modificación de créditos num. 11/2018, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario con cargo ao remanente líquido de tesourería e para a aplicación do superávit orzamentario, e faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos queda da seguinte forma:

#### **ESTADO DE GASTOS**

##### **OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS**

##### **A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES**

|                                                        |            |
|--------------------------------------------------------|------------|
| CAPÍTULO I: Gastos de Persoal .....                    | 485.993,57 |
| CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos ..... | 237.856,50 |
| CAPÍTULO III: Gastos Financeiros.....                  | 300,00     |
| CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes .....            | 2.000,00   |

|                                               |                     |
|-----------------------------------------------|---------------------|
| <b>B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL</b>   |                     |
| CAPÍTULO VI: Invetimentos reais .....         | 530.211,05          |
| CAPÍTULO VII: Transferencias de capital ..... | ---                 |
| <b>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>                 |                     |
| CAPÍTULO VIII: Activos financeiros .....      | ---                 |
| CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros .....        | -----               |
| <b>TOTAL:</b>                                 | <b>1.256.361,12</b> |

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso -administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición dese recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Incio, 10 de outubro de 2018.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2872

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACIÓN

#### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O 8 DE OUTUBRO DO 2018 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS DESTINADAS Á CREACIÓN DE EMPREGO NA PROVINCIA DE LUGO.

BDNS (Identif.): 419425

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b y 20.8ª de la Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións.

([http:// www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans](http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans)).

Primeiro: Entidades beneficiarias

1. Poderán ser destinatarias das subvencións as asociacións, fundacións, federacións e confederacións, sen ánimo de lucro, cuxa actividade principal sexa o desenvolvemento de actividades de intervención social e que inclúa a promoción ou realización de accións que melloren as condicións dos colectivos con maiores dificultades.

Quedan excluídas as entidades cuxa actividade principal sexa de carácter lúdico, cultural ou de lecer .

2. Poderán, así mesmo, ser destinatarias as entidades referidas no punto anterior, que participen conxuntamente dentro do seu ámbito como agrupación de entidades, nos termos previstos polo artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estas rexeranse polo acordo de agrupación que as regule, para o caso que necesiten o mesmo perfil a dedicación parcial

Segundo: Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer a convocatoria para o período 2018-2020 dunha liña de subvencións destinada as entidades do terceiro sector, principalmente de iniciativa social, para realizar un ou varios proxectos que sirvan de estímulo para a plena integración socio laboral do maior número de persoas, especialmente aquelas que posúan maiores dificultades.

A finalidade destas axudas é a de contribuír a mellora da empregabilidade mediante dúas fórmulas:

a) Por unha banda financiando custos directos de seguridade social e salario de persoas desempregadas durante un período de 12 meses.

b) Por outra banda coa contratación destes axentes promoverase principalmente o desenvolvemento de accións que melloren as posibilidades de inserción laboral, a través da posta en marcha de programas de formación básica e instrumental, para mellorar a autoestima ou reforzar as habilidades sociais, en xeral, actuacións que axuden a eliminar ou diminuír as dificultades dos colectivos integrados en cada unha delas, para a súa incorporación o mercado laboral.

Terceiro: Bases reguladoras

Pódese consultar a ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

[http://www.deputacionlugo.org/portal\\_localweb\\_ag/p\\_20\\_contenedor1.jsp?seccion=sfdes\\_d4\\_v1.jsp&tipo=6&c\\_ontenido=30233&nivel=1400](http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=sfdes_d4_v1.jsp&tipo=6&c_ontenido=30233&nivel=1400)

#### Cuarto: Réxime de concorrencia e financiación

As subvencións as que se refiren as seguintes bases, convócanse en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito dispoñible, tendo en conta a seguintes liñas.

- Liña Novel, dirixida a mozos recen titulados/as dentro do ámbito da universidade ou da formación profesional, para adquisición de habilidades e capacidades laborais, así como promover o seu desenvolvemento persoal e social dentro da súa área de formación, e así acadar a experiencia profesional que tanto frea a integración no ámbito laboral, e de forma transversal promover unha conciencia de corresponsabilidade social, sen experiencia e ata 35 anos .

- Liña Senior, dirixida a parados, de 30 a 50 anos.

- Liña Veterano, dirixida a parados , dentro da súa última fase activa (maiores de 50 anos) a piques de pechar a súa etapa profesional.

O financiamento das axudas previstas nesta orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48900 e 2410.22602 dos orzamentos do ano 2018 e 2020, por importe de 1.720.000,00 euros, coa seguinte distribución:

| PARTIDA    | TIPOLOXIA DE GASTO                    | TOTAL             | 2018      | 2020             |
|------------|---------------------------------------|-------------------|-----------|------------------|
| 2410.48900 | Plan de fomento do emprego            | 1.700.000 €       | 850.000 € | 850.000 €        |
| 2410.22602 | Plan de sensibilización e divulgación | 20.000 €          | 20.000€   |                  |
|            | <b>TOTAL</b>                          | <b>1.720.000€</b> |           | <b>870.000 €</b> |

Quinto A contía máxima concedida por entidade será o 90% dos custes salariais (custos directos de seguridade social e salario ) de 2 traballadores, durante un período máximo de 12 meses e cunha duración da xornada laboral de a lo menos o 50%. Para todos os efectos este contrato rexerase polo lexislación laboral vixente. Poderase solicitar un anticipo de ata o 50%.

Non terán a consideración de conceptos subvencionables:

- As horas extraordinarias, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias, parte proporcional de vacacións pagadas e non desfrutadas ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.

- A indemnización prevista no artigo 49.1º c) do Estatuto dos Traballadores.

- A roupa de traballo.

#### Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles dende a publicación da convocatoria do presente programa no BOP

LUGO, 9 DE OUTUBRO DE 2018.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde.

R. 2888